FRANCOPHONIE 1

Guía didáctica

Autoría: Marianne Equy, María González Lopo e Santiago González Lopo

Xullo 2016

Índice

	Páxina
1. Introdución.	3
2. Obxectivos e contidos curriculares.	4
3. Metodoloxía de aplicación e avaliación.	10
4. Descrición das actividades.	11

1. Introdución

A práctica das destrezas orais e escritas nunha lingua estranxeira (comprensión e expresión) segue a ser un dos maiores desafíos do alumnado e do profesorado na aprendizaxe cotiá da aula. *Francophonie 1* é unha ferramenta web que permite dun xeito intuitivo, proveitoso e ameno, practicar as catro competencias clave (comprensión oral e escrita, e expresión oral e escrita). O material está pensado para alumnos de 1º da ESO. Os contidos avanzan de forma progresiva e recomendamos a súa utilización a partir do 2º cuadrimestre de clase.

2. Obxectivos e contidos curriculares.

Segunda lingua estranxeira: Francés - 1º da ESO

A) OBXECTIVOS ORAIS: ESCOITAR E FALAR EN LINGUA FRANCESA

Conceptos

Gramática

• Pronomes suxeitos.

• Verbos ÊTRE, AVOIR, pronominais, 1ª conxugación (Presente de indicativo).

• Artigos determinados e indeterminados.

• Est-ce que ?

• A frase negativa: ne/n'... pas.

• Pourquoi ? Parce que.

• O feminino dos adxectivos.

• O plural dos adxectivos.

• O pronome ON.

• Verbos FAIRE et ALLER.

• Os adxectivos posesivos.

• Os artigos contractos.

• Qu'est-ce que c'est ? / Qui est-ce ?

Vocabulario

• Os números de 0 a 100.

• Obxectos do entorno (aula, material escolar).

• Ocio e gustos persoais.

• Os días da semana e os meses do ano. A data.

• A roupa e as cores.

• A descrición física.

• As materias escolares, as artes e os deportes.

• As partes do corpo.

• Relacións de parentesco e amizade.

• Os animais: domésticos e salvaxes.

• Cidades e países.

• O lecer e as vacacións.

• A forma de vestir, aparencia persoal externa.

• Descricións e opinións.

• A rúa, as cidades: edificios, tendas e medios de transporte.

• Vivenda (mobiliario, comidas e bebidas, roupa).

Fonética

• Alfabeto.

• Sensibilización á entoación e ao ritmo da frase francesa.

• Introdución á *liaison.*

• As vogais e as consoantes.

Procedementos

- Comprensión global de mensaxes orais procedentes do docente, dos compañeiros, de gravacións audio susceptibles de seren escoitadas máis dunha vez e previamente traballadas na aula.

- Interpretación das mensaxes:

    • Identificación dos falantes (xénero, idade).

    • Distinción entre datos e opinións valéndose do apoio visual.

• Intención do falante baseándose no código xestual e na entoación da mensaxe: pregunta / resposta.

- Produción de mensaxes orais con intencións comunicativas:

• Pronunciación comprensible, con especial atención á produción dos fonemas nasais e sonoros.

• Entoación adecuada ao contido que se pretende comunicar: pregunta, resposta, orde, rogo, estado de ánimo, etc.

• Organización coherente das ideas mediante a utilización de frases sinxelas que permitan o uso e a asimilación da orde sintáctica da frase francesa: suxeito-verbo-complemento.

- Participación activa en intercambios orais con intención comunicativa: Utilización de estratexias lingüísticas (antinomia, sinonimia) e non lingüísticas.

Actitudes

- Recoñecemento da importancia de ser capaz de comunicarse oralmente na lingua francesa como medio para satisfacer necesidades de comunicación.

- Toma de conciencia da capacidade para comprender globalmente unha mensaxe oral.

- Atención e respecto cara ás mensaxes orais emitidas en lingua francesa polos compañeiros e o docente.

- Recoñecemento do erro como parte do proceso de aprendizaxe e tendencia a superar as dificultades na comunicación oral.

- Esforzo na interpretación e produción de textos orais.

B) OBXECTIVOS ESCRITOS: LER E ESCRIBIR EN LINGUA FRANCESA

Conceptos

- Situacións de comunicación escrita máis habituais: Descrición de obxectos e persoas.

Procedementos

- Comprensión de textos escritos relacionados coas actividades da aula e capacidade de deducir o significado dalgunhas palabras descoñecidas a partir do contexto.

- Lectura comprensiva de textos adecuados ao nivel dos alumnos.

- Comprensión global de textos escritos relacionados coa experiencia, intereses e bagaxe cultural dos alumnos.

- Produción de textos escritos co fin de satisfacer necesidades persoais de comunicación e cumprimentación de formularios sinxelos.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer as ideas expresadas en textos escritos en lingua francesa.

- Interese por realizar intercambios comunicativos escritos con falantes francófonos.

C) COÑECEMENTOS DA LINGUA

Conceptos

- Aceptación da lingua e da diferenza de forma / sentido.

- Elementos semánticos semellantes entre a lingua francesa e a lingua materna (falsos amigos).

- Situación do alumno fronte ao proceso de aprendizaxe (selección de información, auto-avaliación, participación activa...).

Procedementos

- Utilización dos coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico como instrumento de autocorrección e para mellorar a eficacia comunicativa tanto das producións propias como para mellorar a comprensión das producións doutros.

- Utilización consciente dalgunhas das estratexias de aprendizaxe: Técnicas de memorización (repetición contextualizada, ilustracións, cores ou outros apoios).

- Utilización consciente dalgunhas formas de aprendizaxe: escoitar, cantar, ler en voz alta.

- Utilización de estratexias de comunicación: parafrasear, describir, xesticular e sinalar.

- Comparación de aspectos semánticos e morfolóxicos propios da lingua francesa: diferente orde sintáctica dos elementos da oración en francés, articulación fonética nasal e sonora.

Actitudes

- Curiosidade por coñecer o funcionamento da lingua francesa.

- Disposición a participar nas actividades comunicativas na aula.

D) ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

Conceptos

- Aspectos da cultura e da sociedade dos países de francófonos próximos ós intereses do alumno: horarios e hábitos da vida cotiá, nocións xeográficas do medio físico, relacións humanas.

- Presenza da culturas galega e española na lingua francesa: emigración, intercambios.

- Presenza internacional da lingua francesa: cine, literatura e arte, moda, deseño, deporte.

Procedementos

- Comparación de determinados aspectos das formas de vida dos países de fala francesa: Francia, Bélxica, Suíza...

- Utilización de materiais sinxelos auténticos orais e escritos: planos de metro e autobuses, cómics, publicidade, cancións e textos breves (preferentemente diálogos) [Audio], *sketchs* e pasaxes seleccionadas [Imaxe e audio], material gráfico (fotos, pósteres, folletos turísticos, etc.).

Actitudes

- Curiosidade e respecto ás formas de vida dos países francófonos.

- Valoración do enriquecemento que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

Contidos transversais de 1º de ESO

- Respecto e tolerancia cara ás diferenzas culturais e de xénero.

- Respecto e tolerancia cara ás opinións e actitudes alleas.

- Coñecemento dos costumes dun país distinto do propio.

3. Metodoloxía de aplicación e avaliación.

Francophonie 1 favorece a inmersión lingüística do alumnado, que practicará, sen decatarse, a comprensión da lingua estranxeira en todo momento. As unidades tratan temas culturais diversos e personaxes de relevo de diferentes zonas que falan francés no planeta. En cada unidade ofrécese un listado de ligazóns web para afondar nos contidos explicados. *Francophonie 1* favorece a transversalidade e cultiva valores como a tolerancia, a igualdade de xénero e a posta en valor doutras culturas. Existe unha sección de axuda para entender o desenvolvemento das actividades propostas. Esta sección ofrécese en francés, galego e español das instrucións, no caso de que algún alumno tivese problemas para entendelas. As comprensión orais están gravadas por falantes nativos franceses cun léxico e velocidade adaptadas ao nivel, e están acompañadas da súa correspondente transcrición escrita, que se poderá consultar mediante ligazón.

En canto á avaliación, os exercicios de autocorrección de comprensión oral e escrita son variados (Verdadeiro/Falso, resposta múltiple, encher ocos con léxico, etc.). Este tipo de autoavaliación sempre é moi motivadora para o alumnado. A redacción dos exercicios respectará a pluralidade, fomentará a igualdade e enxalzará os valores socioculturais presentes no currículo da ESO.

Os exercicios de produción oral e escrita presentan temas atraentes para o alumnado e deberán estar supervisados polo docente no momento de realizalos.

4. Descrición das actividades

Francophonie está dividido en cinco unidades temáticas relacionadas con cinco cidades ou vilas francófonas. Ao premer co rato no título de cada unidade, aparece unha páxina de presentación, e á esquerda temos un menú con oito seccións divididas por destrezas. Tamén se pode navegar por todo o método premendo na ligazón "Précedent" ou "Suivant", que aparece á dereita nas esquinas inferiores e superiores de cada páxina. A continuación explicase o funcionamento de cada unha das seccións.

Compréhension orale 1

Compréhension orale 2

Compréhension écrite 1

Compréhension écrite 2

Expression écrite 1

Expression écrite 2

Expression orale 1

Expression orale 2

Compréhension orale 1	
A icona indicadora dunha comprensión oral é un reprodutor de mp3 con auriculares.	
Debaixo da(s) fotografía(s) de benvida aparece un reprodutor. Premendo sobre o símbolo de “play” escoitarase a audición correspondente. No reprodutor podemos subir o volume ou parar a reprodución utilizando o botón esquerdo do rato.	
Se prememos no botón “Montrer la transcription”, aparecerá o texto que se está lendo. Premendo outra vez, desaparecerá a transcricion.	
Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun interrogante. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo co expresado na audición. A opción que escollamos debe contestar ou completar a oración proposta en negriña. Se marcamos co rato a opción correcta, aparecerá a mensaxe en verde “Correct”;	
Se a opción é incorrecta aparecerá a mensaxe en vermello “Incorrect”.	
Debaixo do exercicio, a sección “Pour en savoir plus” ofrécenos unha serie de ligazóns de Internet para afondar no tema tratado.	

Compréhension orale 2	
A icona indicadora dunha comprensión oral é un reprodutor de mp3 con auriculares.	
Debaixo da(s) fotografía(s) de benvida aparece un reprodutor. Premendo sobre o símbolo de “play” escoitarase a audición correspondente. No reprodutor podemos subir o volume ou parar a reprodución utilizando o botón esquerdo do rato.	
Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun interrogante. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de completar coa palabra correcta o texto que se está a ler na audición. Hai que escribir a palabra utilizando o teclado do ordenador.	
Unha vez escritas todas as palabras, prememos no botón “Valider”.	
As respostas correctas aparecerán en fondo verde. As respostas que conteñan erros ortográficos ou nas que apareza unha palabra diferente á da audición aparecerán en fondo rosa. Deben coincidir as maiúsculas e as minúsculas.	
A partir deste momento temos dúas opcións: podemos ver todas as respostas correctas premendo no botón “Montrer les réponses” ou reiniciar o exercicio premendo en “Recommencer”. Debaixo destes dous botóns, aparece unha frase que nos ofrece o resultado estatístico (“score”) sobre 8.	
Debaixo do exercicio, a sección “Pour en savoir plus”, ofrécenos unha serie de ligazóns de Internet para afondar no tema tratado.	Pour en savoir plus **Site web du Piton de la Fournaise :** http://www.fournaise.info/

Compréhension écrite 1	
A icona indicadora dunha comprensión escrita é un libro azul.	
Debaixo da icona do libro azul aparece un texto que haberá que ler para facer o posterior exercicio.	 La Diagonale des Fous **Lisez ce texte et choisissez la réponse correcte:** Tous les ans, au mois d'octobre, des gens de tous les pays viennent à la Réunion. Pour quelle raison? Ils veulent tout simplement courir l'une des courses les plus difficiles au monde, « La Diagonale des fous ». La distance totale est de 160 kilomètres et les participants doivent traverser l'île à pied en trois jours maximum. Pour vous inscrire à la Diagonale des Fous, vous devez présenter un certificat qui montre que vous avez de l'expérience dans ce type de courses. Un certificat médical est également
Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun interrogante. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de escoller a opción correcta de acordo coa información presentada no texto. A opción que escollamos debe completar ou contestar á oración proposta en negriña. Se marcamos co rato a opción correcta aparecerá a mensaxe en verde "Correct.	 **1. Saint-Denis se trouve...** ○ à l'est. ◉ au nord. ○ au sud. Correct
Se a opción é incorrecta, aparecerá a mensaxe en vermello "Incorrect".	 **1. Saint-Denis se trouve...** ◉ à l'est. ○ au nord. ○ au sud. Incorrect
Debaixo do exercicio, a sección "Pour en savoir plus", ofrécenos unha serie de ligazóns de Internet para afondar no tema tratado.	Pour en savoir plus **Site web du Piton de la Fournaise :** http://www.fournaise.info/

Compréhension écrite 2	
A icona indicadora dunha comprensión escrita é un libro azul.	
Debaixo da icona do libro azul aparece un texto que haberá que ler para facer o posterior exercicio.	 Attention aux requins ! **Lisez ce texte et dites si les phrases sont vraies ou fausses:** Les requins se trouvent dans tous les océans du monde, à l'exception de l'Antarctique. Certaines espèces vivent en eau douce ou peu salée (fleuves, rivières, estuaires et lacs). Parfois, les requins remontent les fleuves jusqu'à plus de 3.000 km à l'intérieur des terres. On croit souvent que les requins sont des chasseurs
Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun interrogante. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de decidir se os enunciados presentados son verdadeiros (Vrai) ou falsos (Faux) de acordo coa información presentada no texto. Se a opción seleccionada é correcta, aparecerá en negriña a mensaxe "Correct"	1. Il y a des requins dans l'océan Antarctique. ○ Vrai ◉ Faux **Correct**
Se a opción seleccionada é incorrecta, aparecerá en negriña a mensaxe "Incorrect".	1. Il y a des requins dans l'océan Antarctique. ◉ Vrai ○ Faux **Incorrect**
Debaixo do exercicio, a sección "Pour en savoir plus", ofrécenos unha serie de ligazóns de Internet para afondar no tema tratado.	Pour en savoir plus **Site web du Piton de la Fournaise :** http://www.fournaise.info/

Expression écrite 1	
A icona indicadora dun exercicio de expresión escrita amosa unhas anotacións e un lapis.	
A primeira imaxe que se ofrece é un cadro gramatical coa conxugación de dous verbos en presente de indicativo.	**ÊTRE** / **AVOIR** Je **suis** / J'**ai** Tu **es** / Tu **as** Elle/Il/on **est** / Elle/Il/on **a** Nous **sommes** / Nous **avons** Vous **êtes** / Vous **avez** Elles/Ils **sont** / Elles/Ils **ont**
Se baixamos pola páxina aparecerá a icona dun interrogante. Esta icona indica que imos comezar un exercicio de autocorrección. Neste caso, trátase de completar unha serie de oracións coa forma verbal correcta dos verbos presentados no cadro anterior. Hai que escribir a palabra utilizando o teclado do ordenador.	**Être ou avoir ? Écrivez la forme verbale correcte:** 1. Ma mère ____ une athlète. 2. Les requins ____ beaucoup de dents.
Unha vez escritas todas as formas verbais, prememos no botón "Valider". As respostas correctas aparecerán en fondo verde.	9. Avez -vous le bulletin d'inscription? 10. En Galice, nous n' avez pas de volcans. Valider
As respostas que conteñan erros ortográficos ou nas que apareza unha forma verbal diferente á correcta aparecerán en fondo rosa. Deben coincidir as maiúsculas e as minúsculas.	9. Avez -vous le bulletin d'inscription? 10. En Galice, nous n' avez pas de volcans. Recommencer Montrer les réponses
A partir deste momento temos dúas opcións: podemos ver todas as respostas correctas premendo no botón "Montrer les réponses" ou reiniciar o exercicio premendo en "Recommencer". Debaixo destes dous botóns, aparece unha frase que nos ofrece o resultado estatístico ("score") sobre 10.	9. Avez -vous le bulletin d'inscription? 10. En Galice, nous n' avons pas de volcans. Recommencer Montrer les réponses

Expression écrite 2	
A icona indicadora un exercicio de expresión escrita amosa unhas anotacións e un lapis.	
Debaixo da fotografía de benvida aparecerá a icona dun interrogante, que anuncia un exercicio de autocorrección, e un cadro de vocabulario.	
Se baixamos pola páxina atoparemos un texto con ocos para encher. Para completalo, deberemos utilizar o vocabulario proposto no cadro anterior. Hai que escribir a palabra utilizando o teclado do ordenador.	
Unha vez escritas todas as palabras, prememos no botón "Valider".	
As respostas correctas aparecerán en fondo verde. As respostas que conteñan erros ortográficos ou nas que apareza unha palabra diferente á correcta aparecerán en fondo rosa. Deben coincidir as maiúsculas e as minúsculas.	
A partir deste momento temos dúas opcións: podemos ver todas as respostas correctas premendo no botón "Montrer les réponses" ou reiniciar o exercicio premendo en "Recommencer". Debaixo destes dous botóns, aparece unha frase que nos ofrece o resultado estatístico ("score") sobre 10.	

Expression orale 1	
A icona indicadora dun exercicio de expresión oral amosa uns personaxes falando cun signo de admiración enriba.	
Debaixo da icona aparece un documento que evocará unha situación da vida real. O alumnado, distribuído en parellas, deberá dialogar en francés representando os roles propostos.	 LA DIAGONALE DES FOUS BULLETIN D'INSCRIPTION INDIVIDUEL Nom : Prénom(s) : Sexe : Année de naissance : Âge : Profession : Adresse : Code postal : Ville : Pays : Téléphone : Courrier électronique :

Expression orale 2	
A icona indicadora dun exercicio de expresión oral amosa uns personaxes falando cun signo de admiración enriba.	
Debaixo da icona aparece unha fotografía que o alumnado deberá describir oralmente en francés. Baixo a imaxe aparecerán dous cadros de vocabulario: un con substantivos e outro con adxectivos, que poderán ser utilizados na descrición.	 **VOCABULAIRE (NOMS)** un volcan / une montagne / la mer le soleil / une rivière / un lac un nuage / le ciel / une maison une couleur / un village / une ville un arbre / une fleur / un oiseau **VOCABULAIRE (ADJECTIFS)** petit/petite / grand/grande / haut/haute beau/belle / joli/jolie / calme tranquille / froid/froide / chaud/chaude vert/verte / bleu/bleue / blanc/blanche